



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 MAY. 2024 16:59:33

Entrada **27420**

Sobre as trasferencias pendentes na Galiza

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás transferencias pendentes na Galiza.**

Logo de 15 anos de parálise do autogoberno, que xunto con outros factores fixo que a Galiza perdese poboación, actividade industrial, emprego ou servizos públicos, o BNG considera necesario activar unha axenda ambiciosa de traspaso de competencias. É preciso que Galiza se dote de todas as capacidades políticas, económicas e orzamentarias para facer fronte a unha situación de constante regresión -económica, social, demográfica, ambiental- que compromete os seus sectores estratéxicos e condiciona as expectativas de futuro do País.

O BNG reclama un novo status político de nación e un novo sistema de financiamento que nos permita afrontar os retos de futuro con garantías. Con capacidade política para decidir sobre todos os asuntos que nos interesan, con recursos financeiros para fortalecer os servizos públicos e impulsar o desenvolvemento económico e o benestar social. Mais, no actual contexto, é prioritario dar un salto adiante no autogoberno mediante a asunción de novas competencias que outorguen unha maior capacidade de resposta aos retos dunha nova era.



Este reforzo e ampliación do autogoberno debe desenvolverse, en primeiro lugar, coa asunción pola Galiza de todas as competencias previstas no Estatuto (por exemplo, o desenvolvemento da policía galega, meteoroloxía, arquivos, ferrocarril interior galego, museos e bibliotecas,...etc.). Ademais, debe procederse á transferencia de competencias pola vía prevista no artigo 150.2 CE que permite transferir ou delegar libremente facultades competenciais estatais por Lei Orgánica. Ao referirse a “materias de titularidade estatal”, esta disposición constitucional constitúe a vía idónea para a asunción pola Galiza de competencias inicialmente atribuídas en exclusiva ao Estado polo artigo 149.1 CE.

Esta axenda para avanzar no autogoberno debería incluír cando menos ás seguintes materias:

- 1) Autoestradas AP9 e AP53.
- 2) Tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria.
- 3) Ferrocarril e vías. Servizos e infraestruturas viarias e ferroviarias que transcorren por territorio galego.
- 4) Aeroportos e control de tráfico aéreo.
- 5) Portos de interese xeral (A Coruña, Ferrol-San Cibrao, Vilagarcía, Marín-Ría de Pontevedra e Vigo).
- 6) Salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.
- 7) Bacía Hidrográfica Miño-Sil. Planificación, construción e xestión de obras hidráulicas na bacía Miño Sil en territorio galego, así como as autorización neste ámbito.
- 8) Meteoroloxía. Descentralización dos servizos de meteoroloxía que dependen da Administración do Estado.
- 9) Obras hidráulicas de interese xeral. Transferencia das funcións que desempeña o Estado relativas á execución de obras hidráulicas de interese xeral.
- 10) Ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo terrestre.



- 11) Control, inspección e vixilancia pesqueira.
- 12) Seguros agrarios, sanidade animal exterior e implantación e xestión de laboratorios públicos de referencia.
- 13) Inspección de traballo e seguridade social
- 14) Totalidade da formación ocupacional, tanto de persoas paradas como en activo.
- 15) Emprego e fondo de garantía salarial: prestacións económicas e xestión da oferta e demanda de emprego.
- 16) ISM: Servizos sanitarios e asistenciais a traballadoras e traballadores do mar.
- 17) Transferencia das funcións e servizos administrativos relacionados coa expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, así como a convalidación e recoñecemento de títulos estranxeiros (no ano 2008 transferiuse a homologación e convalidación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias).
- 18) Implantación e xestión de convocatorias de bolsas e axudas ao estudo no ensino universitario, ensino obrigatorio e postobrigatorio, e de toda clase de subvencións correspondentes ao ensino.
- 19) Todas as funcións encomendadas ao Estado para a tutela e xestión do sistema de Formación Profesional.
- 20) Avaliación da calidade das universidades galegas.
- 21) Ordenación da totalidade do sistema educativo galego por parte das institucións galegas.
- 22) Transferencia de centros de investigación con sede na Galiza.
- 23) Paradores de turismo, oficinas no exterior e plans de excelencia turística.
- 24) Fondos e competencias relacionadas co fomento da industria cinematográfica e audiovisual galega.



- 25) Traspaso dos arquivos, bens e fondos documentais, culturais e histórico que se encontran espallados en diversas institucións e organismos do estado.
- 26) Traspaso das competencias en materia deportiva do consello superior de deportes e das federacións deportivas.
- 27) Determinación en exclusiva do réxime local da Galiza.
- 28) Planta e demarcación xudicial da Galiza.
- 29) Traspaso das funcións e servizos de institucións penitenciarias.
- 30) Emigración e inmigración.
- 31) Presenza das Institucións galegas en entidades de carácter estatal (Banco de España, Comisión Reguladora do Mercado de Valores, Portos do Estado, AENA, órganos de dirección e administración de empresas públicas con centros de traballo na Galiza, etc...) e nas comisións reguladoras de servizos liberalizados (telecomunicacións, enerxía).
- 32) Traspaso das instalacións e espazos pertencentes ao ministerio de defensa (Illa de Tambo, castelos militares, hospitais, baterías de costa, vivendas, etc.).
- 33) Activos da SAREB situados na Galiza.
- 34) Competencias lexislativas de fixación de circunscricións electorais nas eleccións locais, e das executivas de organización de todos os procesos electorais celebrados na Galiza.
- 35) Delegación da execución da regulación sobre a seguridade privada (funcións administrativas de autorización, inspección, sanción e formación das empresas de seguridade privada).
- 36) Propiedade industrial e intelectual.
- 37) Xestión do Ingreso Mínimo Vital.
- 38) Competencias en comercio exterior que exerce o ICEX, en relación con empresas galegas.



- 39) Aprobación e autorización das instalacións de redes básicas de gas e oleodutos que transcorran pola Galiza; e asunción das funcións administrativas de autorización, supervisión e control que desempeña o estado de refinarias e almacéns de hidrocarburos radicados na Galiza.
- 40) Autorización polos órganos competentes da Galiza das liñas de transporte de enerxía eléctrica que transcorran no noso territorio, así como aprobación de todos os proxectos de produción de enerxía que se sitúen na Galiza.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Convocará a Comisión Mixta paritaria Xunta de Galiza - Estado para negociar o traspaso das competencias pendentes?
2. Está o Goberno en disposición de axilizar a transferencia das materias antes enumeradas? De todas elas? De non ser así, de cales? Cales priorizará?
3. Negociará co goberno da Xunta para facilitar a presenza das institucións galegas en entidades de carácter estatal como o Banco de España, Comisión Reguladora do Mercado de Valores, Portos do Estado, AENA, órganos de dirección e administración de empresas públicas con centros de traballo na Galiza, etc., e nas comisións reguladoras de servizos liberalizados (telecomunicacións, enerxía)?

Madrid, a 29 de maio de 2024



Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las transferencias pendientes en Galiza.**

Después de 15 años de parálisis del autogobierno que, junto con otros factores, hizo que Galiza perdiera población, actividad industrial, empleo y servicios públicos, el BNG considera necesario activar una agenda ambiciosa de traspaso de competencias. Es preciso que Galiza se dote de todas las capacidades políticas, económicas y presupuestarias para hacer frente a una situación de constante regresión -económica, social, demográfica, ambiental- que compromete sus sectores estratégicos y condiciona las expectativas de futuro del País.

El BNG reclama un nuevo estatus político de nación y un nuevo sistema de financiación que nos permita afrontar los retos de futuro con garantías, con capacidad política para decidir sobre todos los asuntos que interesan a los gallegos y gallegas, así como con recursos financieros para fortalecer los servicios públicos e impulsar el desarrollo económico y el bienestar social. Pero, en el actual contexto, es prioritario dar un salto adelante en el autogobierno mediante la asunción de nuevas competencias que otorguen una mayor capacidad de respuesta a los retos de una nueva era.

Este refuerzo y ampliación del autogobierno debe desarrollarse, en primer lugar, con la asunción por Galiza de todas las competencias previstas en su Estatuto (por ejemplo, el desarrollo de la policía gallega, meteorología, archivos, ferrocarril interior gallego, museos y bibliotecas,...etc.). Además,



debe procederse a la transferencia de competencias por la vía prevista en el artículo 150.2 CE que permite transferir o delegar libremente facultades competenciales estatales por Ley Orgánica. Al referirse a “materias de titularidad estatal”, esta disposición constitucional constituye la vía idónea para la asunción por la Galicia de competencias inicialmente atribuidas en exclusiva al Estado por el artículo 149.1 CE.

Esta agenda para avanzar en el autogobierno debería incluir cuando menos las siguientes materias:

- 1) Autopistas AP9 y AP53.
- 2) Tráfico, circulación de vehículos y seguridad viaria.
- 3) Ferrocarril y vías. Servicios e infraestructura viarias y ferroviarias que discurren por territorio gallego.
- 4) Aeropuertos y control de tráfico aéreo.
- 5) Puertos de interés general (A Coruña, Ferrol-San Cibrao, Vilagarcía, Marín-Ría de Pontevedra y Vigo).
- 6) Salvamento marítimo y lucha contra la contaminación marina.
- 7) Cuenca Hidrográfica Miño-Sil. Planificación, construcción y gestión de obras hidráulicas en la cuenca Miño Sil en territorio gallego, así como las autorizaciones en este ámbito.
- 8) Meteorología. Descentralización de los servicios de meteorología que dependen de la Administración del Estado.
- 9) Obras hidráulicas de interés general. Transferencia de las funciones que desempeña el Estado relativas a la ejecución de obras hidráulicas de interés general.
- 10) Ordenación del litoral y gestión del dominio público marítimo terrestre.
- 11) Control, inspección y vigilancia pesquera.
- 12) Seguros agrarios, sanidad animal exterior e implantación y gestión de laboratorios públicos de referencia.



- 13) Inspección de traballo e seguridade social
- 14) Totalidade da formación ocupacional, tanto de persoas paradas como en activo.
- 15) Emprego e fondo de garantía salarial: prestacións económicas e xestión da oferta e demanda de emprego.
- 16) ISM: Servizos sanitarios e asistenciales a trabadoras e trabadores do mar.
- 17) Transferencia das funcións e servizos administrativos relacionados con a expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, así como a convalidación e recoñecemento de títulos estranxeiros (en el ano 2008 se transfiriu a homologación e convalidación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanza non universitarias).
- 18) Implantación e xestión de convocatorias de bolsas e axudas ao estudo na ensinanza universitaria, ensinanza obrigatoria e postobrigatorio, e de toda clase de subvencións correspondentes á ensinanza.
- 19) Todas as funcións encomendadas ao Estado para a tutela e xestión do sistema de Formación Profesional.
- 20) Evaluación da calidade das universidades galegas.
- 21) Ordenación da totalidade do sistema educativo galego por parte das institucións galegas.
- 22) Transferencia de centros de investigación con sede en Galiza.
- 23) Paradores de turismo, oficinas no exterior e plans de excelencia turística.
- 24) Fondos e competencia relacionadas co fomento da industria cinematográfica e audiovisual galega.
- 25) Traspaso dos arquivos, bens e fondos documentais, culturais e histórico que se encontran desparramados en diversas institucións e organismos do estado.



- 26) Traspaso de las competencias en materia deportiva del consejo superior de deportes y de las federaciones deportivas.
- 27) Determinación en exclusiva del régimen local de Galiza.
- 28) Planta y demarcación judicial de Galiza.
- 29) Traspaso de las funciones y servicios de instituciones penitenciarias.
- 30) Emigración e inmigración.
- 31) Presencia de las Instituciones gallegas en entidades de carácter estatal (Banco de España, Comisión Reguladora del Comprado de Valores, Portos del Estado, AENA, órganos de dirección y administración de empresas públicas con centros de trabajo en la Galicia, etc...) y en las comisiones reguladoras de servicios liberalizados (telecomunicaciones, energía).
- 32) Traspaso de las instalaciones y espacios pertenecientes al Ministerio de Defensa (Isla de Tambo, castillos militares, hospitales, baterías de costa, viviendas, etc.).
- 33) Activos de la SAREB situados en Galiza.
- 34) Competencias legislativas de fijación de circunscripciones electorales en las elecciones locales y de las ejecutivas de organización de todos los procesos electorales celebrados en Galiza.
- 35) Delegación de la ejecución de la regulación sobre la seguridad privada (funciones administrativas de autorización, inspección, sanción y formación de las empresas de seguridad privada).
- 36) Propiedad industrial e intelectual.
- 37) Gestión del Ingreso Mínimo Vital.
- 38) Competencias en comercio exterior que ejerce el ICEX, en relación con empresas gallegas.
- 39) Aprobación y autorización de las instalaciones de redes básicas de gas y oleoductos que discurran por Galiza y la asunción de las funciones



administrativas de autorización, supervisión y control que desempeña el Estado de refinerías y almacenes de hidrocarburos radicados en Galiza.

- 40) Autorización por los órganos competentes de Galiza de las líneas de transporte de energía eléctrica que transcurran en nuestro territorio, así como aprobación de todos los proyectos de producción de energía que se sitúen en Galiza.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Convocará la Comisión Mixta paritaria Xunta de Galiza - Estado para negociar el traspaso de las competencias pendientes?
2. ¿Está el Gobierno en disposición de agilizar la transferencia de las materias de las antes enumeradas? ¿De todas ellas? De lo contrario, ¿de cuáles? ¿Cuáles priorizará?
3. ¿Negociará con el gobierno de la Xunta para facilitar la presencia de las instituciones gallegas en entidades de carácter estatal como el Banco de España, Comisión Reguladora del Comprado de Valores, Portos del Estado, AENA, órganos de dirección y administración de empresas públicas con centros de trabajo en la Galicia, etc., y en las comisiones reguladoras de servicios liberalizados (telecomunicaciones, energía)?

Madrid, a 29 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

